

PLATÓN, texto 3

República, Libro VII, 514a-517c

O texto proposto pertence ao libro VII da *República*, un dos diálogos máis célebres do filósofo ateniense Platón que podemos situar no seu período de madurez xunto a outras obras coma o *Fedro*, o *Fedón* e o *Banquete*. Neste diálogo o autor desenvolve algunhas das súas teorías principais coas que trata de explicar dende a propia estrutura da realidade ata a organización da cidade ideal.

Nado no 427 a. C. no seo dunha familia aristocrática de Atenas, Platón vive o declive tanto da democracia coma do imperio marítimo ateniense a partir da derrota na guerra do Peloponeso. Esta experiencia, ademais do seu desencanto co réxime dos Trinta Tiranos, instaurado tras a derrota ante Esparta, e coa democracia, restaurada pouco tempo despois, provócalle unha fonda preocupación polo xusto goberno da cidade que o acompañará durante toda a súa vida. Outro acontecemento importante na formación de Platón é o encontro con Sócrates, que se converte no seu mestre ata a súa condena a morte no 399 a. C. polo novo goberno democrático da cidade. Inspirado polo mestre, Platón tamén procura a definición universal dos conceptos morais e políticos, opoñéndose así ao relativismo moral dos sofistas. Non obstante, para chegar a estes conceptos universais Platón non se limita ao eido da moral senón que trata de darlles unha fundamentación metafísica que se materializa na Teoría das Ideas, coa que explica a realidade destes conceptos universais como modelos ou arquetipos das cousas. É dicir, Platón continúa coa tarefa socrática pero isto lévao a ocuparse non só da moral senón da realidade, o coñecemento, o ser humano e a súa dimensión moral e política. E isto faise especialmente patente na obra que nos ocupa, a *República*, xa que nela aparecen teorías sobre aspectos moi distintos do pensamento do seu autor, que levan en último termo á construción da cidade ideal que Platón buscou durante toda a súa vida.

No caso do fragmento a comentar, o tema do que se ocupa é o coñecemento. Máis concretamente trátase da alegoría da caverna, un relato simbólico mediante o cal Platón explica o proceso de coñecemento como un ascenso dende a ignorancia, o falso coñecemento de sombras e aparencias, ata o coñecemento verdadeiro. A idea máis

importante sería entón a da procura do coñecemento como proceso ascendente, que Platón denomina ascensión dialéctica. Ademais, ao longo do fragmento aparecen outras ideas, coma a existencia de distintos graos ou fases no proceso de coñecemento que corresponden aos distintos niveis nos que está estruturada a realidade, a importancia da Idea de Ben como cumio da xerarquía da realidade e como meta do proceso de coñecemento, a dificultade da ascensión dialéctica e a necesidade de ser axudados neste proceso por unha persoa que xa coñece a realidade, ou a resistencia dos ignorantes a aceptar a súa propia ignorancia e procurar o coñecemento verdadeiro.

Neste fragmento, Sócrates, personaxe principal do diálogo, mantén unha conversa con Glaucón, irmán de Platón, na que lle pide que imaxine unha situación ficticia da que se serve para explicar algunhas ideas acerca do coñecemento e da realidade. É dicir, sévese de dúas ferramentas argumentativas moi representativas da obra platónica: o diálogo, estilo narrativo no que se evidencia a influencia da dialéctica socrática como método de procura da verdade que hai en cada persoa; e o relato alegórico ou mítico, do cal hai numerosos exemplos na obra de Platón coma a alegoría da caverna, do que nos estamos a ocupar, ou outros coma a alegoría da liña ou o mito do carro alado.

A situación que describe Sócrates é a seguinte: imaxinemos que nas profundidades dunha caverna viven unhas persoas que levan toda a súa vida encadeadas de xeito que non poden moverse nin virar a cabeza. Só poden mirar cara á parede da caverna que teñen en fronte de si; e detrás dos prisioneiros hai un lume por diante do cal outras persoas fan pasar figuras diversas que proxectan as súas sombras sobre a parede. As sombras serán a verdadeira realidade para os prisioneiros porque nunca coñeceron outra cousa; mais, se un deles se liberase, pasaría de ver as sombras a ver as figuras que producen esas sombras, e gabeando pola caverna chegaría ao exterior e alí coñecería as sombras das cousas, as cousas mesmas, a lúa e as estrelas e, por último, o sol que dá a luz que permite ver todo o demais.

A partir deste relato alegórico Platón explica a súa concepción do coñecemento e da realidade. A caverna, a situación dos presos encadeados no fondo da mesma, representa a ignorancia, o coñecemento falso ou aparente; o exterior da caverna

representa o coñecemento verdadeiro, o coñecemento do que ten unha existencia máis verdadeira; e o paso do interior ao exterior da caverna representa o proceso mediante o cal nos desfecemos do coñecemento aparente para achegarnos pouco a pouco á verdade. Isto amósanos un aspecto central da ontoloxía e a epistemoloxía platónicas: o dualismo. Platón concibe a realidade como dividida en dous ámbitos de natureza moi distinta: o sensible ou das cousas que vemos e tocamos, que son particulares e están suxeitas ao cambio e á corrupción; e o intelixible ou das Ideas eternas e inmutables, que son os modelos das cousas, aquilo do que as cousas son copias ou reflexos imperfectos e que fai que as cousas sexan o que son. Dito doutro xeito, para Platón, por exemplo, a beleza non é unha característica das cousas fermosas, senón que son as cousas fermosas as que son fermosas na medida en que participan de ou imitan a Idea de Beleza, a Beleza eterna e inmutable. Os conceptos universais que xa procuraba Sócrates convértense para Platón en Ideas, modelos ou arquetipos das cousas.

Este dualismo ontolóxico tradúcese nun dualismo epistemolóxico, é dicir, na consideración do coñecemento como dividido tamén en dous ámbitos que corresponden ás dúas grandes rexións da realidade. O primeiro tipo de coñecemento, que corresponde ao mundo sensible, é o coñecemento que temos das cousas a través dos sentidos. Este, que aparece representado na alegoría coma o interior da caverna, é un coñecemento imperfecto ou de aparencias que Platón chama opinión ou *doxa*. Ademais, á súa vez, na opinión danse dúas clases distintas de coñecemento. O primeiro é a conxectura ou *eikasia*, é dicir, o coñecemento que nin sequera é das cousas sensibles senón só das sombras ou reflexos destas. Esta clase de coñecemento aparece representada mediante as sombras que ven os prisioneiros cando están encadeados. É dicir, corresponde co momento inicial do relato e co nivel máis baixo do coñecemento e da realidade, como se pode observar cando Platón apunta que “non hai dúbida de que tales homes non poderían pensar outra cousa que non sexa que o verdadeiro son as sombras dos obxectos fabricados”.

Unha vez liberado, o prisioneiro pasa de ver as sombras dos obxectos a ver os obxectos mesmos que son transportados por diante do lume: estes obxectos representan o segundo tipo de coñecemento que se dá dentro da opinión, a crenza ou

pistis, un coñecemento que segue sendo sensible pero que xa non se ocupa de sombras senón das cousas, e que polo tanto é superior á conxectura por ocuparse dun ámbito máis verdadeiro do real. É dicir, o prisioneiro aínda non saíu da caverna, pero xa avanzou na súa procura da verdade.

Unha vez consegue escapar da caverna, o prisioneiro xa non se atopa no dominio da opinión, do coñecemento aparente dos sentidos, senón que pasa á ciencia ou *episteme*, o coñecemento do que é máis propiamente verdadeiro, as Ideas. Este tipo de coñecemento, representado polo exterior da caverna, xa non ten a súa fonte nos sentidos senón na razón, como ocorre coa matemática. Por este motivo, a primeira clase de coñecemento que se dá dentro da ciencia, é dicir, o primeiro coñecemento que acadan os que saen da caverna, é o saber discursivo ou *dianoia*, que é precisamente o coñecemento dos entes matemáticos. As realidades e relacións que describe a matemática non se coñecen polos sentidos: non teño que observar ningún triángulo para saber que ten tres lados, senón que podo sabelo pola razón. Os entes matemáticos pertencen entón ao mundo intelixible, o plano da realidade que Platón considera coma a verdadeira realidade, e o coñecemento destes aparece representado na alegoría da caverna mediante as sombras e imaxes reflectidas na auga das cousas do exterior: “primeiramente vería con máis facilidade as sombras e, despois, as imaxes de homes e doutros obxectos reflectidos nas augas”.

Por último, o grao máis elevado de coñecemento e segunda fase da ciencia é a intelixencia ou *noesis*, o coñecemento racional das Ideas máis xerais e elevadas coma a Beleza, a Xustiza ou o Ben. Non só se dá unha xerarquía entre o mundo sensible e o intelixible, senón que dentro do mundo das Ideas tamén existe unha organización xerárquica: no punto máis baixo atópanse os arquetipos das cousas, despois están os entes matemáticos, e finalmente as ideas máis xerais e elevadas das cales a que se atopa na cúspide da pirámide é a Idea de Ben. Na alegoría da caverna, esta clase de coñecemento e esta rexión da realidade aparecen representados polas cousas do exterior, as persoas, obxectos e corpos celestes coma a lúa e as estrelas: “e por último os homes e as cousas mesmas. E despois diso, contemplaría máis doadamente pola noite as cousas do ceo e o mesmo ceo, dirixindo a mirada á luz das estrelas e da lúa,

máis doadamente que durante o día o sol e o que a el lle pertence”. E, dentro da *noesis*, o punto máis elevado e a meta do proceso de procura da verdade é o coñecemento da Idea de Ben, que ocupa o nivel máis alto da xerarquía do mundo intelixible. Esta Idea aparece representada polo sol, cuxa luz permite coñecer todo o demais, e que pode cegarnos se intentamos miralo sen antes termos familiarizado co resto das cousas do exterior: “E por último, creo eu, sería o sol, non as súas imaxes reflectidas nas augas ou noutro lugar alleo, senón o sol en si mesmo e no seu propio lugar, o que podería ver e contemplar. [...] E entón, xa podería deducir, respecto del, que é el quen produce as estacións e os anos e rexe todo o da rexión visible e é a causa de todo o que eles tiñan visto”.

Deste xeito, Platón explica a través de símbolos os diferentes ámbitos nos que se dividen tanto a realidade coma o coñecemento. Pero a alegoría da caverna non só ilustra esta división: o máis importante deste relato non son as rexións da caverna ou do exterior, senón a propia viaxe do prisioneiro que se libera das súas cadeas e chega a ver a luz do sol. Mediante esta viaxe o autor está a explicar a súa concepción do proceso de procura da verdade como un lento e difícil ascenso. Todas as persoas coñecemos as cousas mediante os sentidos e pensamos que son a verdadeira realidade; pero as cousas só son reflexos ou copias das Ideas, polo que para acadar o verdadeiro coñecemento, a ciencia, debemos someternos a unha fonda transformación para ir abandonando pouco a pouco a opinión e coñecendo as Ideas. Este camiño é tan difícil que non podemos transitálo sós, precisamos que unha persoa que xa coñece a verdade nos acompañe e nos guíe. E a maneira na que se produce esta guía e este acompañamento é mediante o diálogo: Sócrates xa empregaba o diálogo para, en primeiro lugar, axudar ao seu interlocutor a ver que en realidade non sabía tanto como pensaba e, en segundo lugar, axudalo a “parir” a verdade que levaba dentro. Pois ben, Platón tamén sitúa no diálogo a procura da verdade, e por iso coñecemos co nome de ascensión dialéctica o proceso que nos leva das sombras das cousas ás cousas, das cousas ao saber dos entes matemáticos, e dos entes matemáticos ás Ideas máis elevadas e finalmente á Idea de Ben. Ademais, só podemos levar a cabo este ascenso seguindo esa orde da realidade e do coñecemento, e por iso Platón indica que se o prisioneiro tratase de mirar o sol directamente se antes ter visto as cousas, a lúa e as

estrelas, quedaría cegado pola súa luz: “E se alguén o levase á forza pola esgrevia e empinada subida e non o soltase ata chegar á luz do sol, non adoecería e se irritaría por ser arrastrado e, despois de chegar á luz, tería os ollos cegados, sen poder ver sequera un só dos obxectos que agora chamamos verdadeiros?” E, aínda que sexa un proceso difícil e lento, aquel que chegue a coñecer a verdade mediante a ascensión dialéctica nunca quere volver ao mundo de sombras no que vivía antes: “Iso é o que creo eu, que aceptaría soportar todo antes que vivir aquela vida”.

Por último, o relato non remata cando o prisioneiro contempla o sol, senón que Platón tamén se pregunta que pasaría se volvese á caverna para tratar de liberar aos seus antigos compañeiros convencéndolos de que o que pensan que é a verdadeira realidade non son máis ca sombras. E a resposta que atopan Sócrates e mais Glaucón é que non crerían nada do que lles dixese o seu compañeiro liberado, que pensarían que lle quedaron os ollos estragados da subida e que o matarían se intentase desatalos e levalos cara ao exterior da caverna. Mediante esta imaxe Platón fálanos da natureza da ignorancia, da resistencia dos ignorantes a aceptar que o que coñecen non son máis ca sombras, o cal é o primeiro paso para comezar o proceso de procura da verdade, tal e como xa sabía Sócrates. Ademais, este episodio tamén pode entenderse como unha referencia á condena a morte de Sócrates: para Platón, Sócrates tratou de sacar aos atenienses da caverna, e estes, a cambio, matárono.

En conclusión, a alegoría da caverna ilustra o proceso de procura do coñecemento como un lento ascenso que nos leva, a través de varias fases, da opinión ou coñecemento aparente, á ciencia ou coñecemento da verdadeira realidade das Ideas. Así, Platón explica a súa concepción dualista da realidade e do coñecemento, que dá resposta a interrogantes non só do propio pensamento platónico senón de toda a tradición do pensamento grego. Por unha banda, a metafísica dualista dá unha resposta á cuestión do cambio que xa preocupaba aos filósofos presocráticos: Platón divide a realidade nun ámbito suxeito ao devir do que falaba Heráclito e noutro composto por realidades eternas e inmutables que teñen os atributos do Ser de Parménides. Por outra, mediante a Teoría das Ideas Platón tamén dá un fundamento á procura dos conceptos universais da moral e da política que xa trataba de levar a cabo o seu mestre

Sócrates: estes universais convértense en Ideas e a súa procura covértese no proceso de ascensión dialéctica. O dualismo platónico terá unha gran influencia no pensamento posterior, sendo continuado por filósofos coma Agostiño e Descartes e duramente criticado por outros pensadores como Nietzsche. E o coñecemento das Ideas, especialmente da Idea de Ben, xoga un papel fundamental na procura do goberno xusto da cidade, unha preocupación que acompañou todo o pensamento de Platón. Finalmente, a alegoría da caverna ensínanos acerca da natureza do coñecemento e da ignorancia, xa que nos fai entender esta última como unha prisión na que as cadeas son os nosos prexuízos e opinións sen fundamento. Por iso, Platón invítanos a ser sempre críticos co que pensamos que é a verdade, porque podería tratarse de simples sombras que nos impiden chegar ao verdadeiro coñecemento: debemos sempre tratar de saír de todas as cavernas nas que as nosas opinións nos encerran, mesmo se esta tarefa nos enfronta á sociedade e aos seus prexuízos.